



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE CATORCE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E TRES

(ACTA NÚMERO 25)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Miguel Fernández Méndez

D. Iván Castro Díaz

D. Daniel García Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **catorce de xullo de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os/as señores/as deputados/as dona María del Pilar García Porto e don Xosé María Arias Fernández.

1.- CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO.

Dáse lectura ó Decreto da Presidencia de data seis do presente mes de xullo, polo cal se dispón o nomeamento de membros da Xunta de Goberno, Decreto comunicando ó Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día doce de xullo de dous mil vinte e tres, publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 160 de 13 de xullo de 2023, e comunicado por correo electrónico individualmente ós interesados; e estando presentes a maioría dos seus membros, manifiestan que aceptan a designación, polo cal o Presidente declara constituída a Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial.

2.- ACEPTACIÓN DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS SINALADAS NO ART. 59 DO REGULAMENTO ORGÁNICO DA CORPORACIÓN.

A Xunta de Goberno acepta exercer as competencias a que fai referencia ó artigo 59 do Regulamento Orgánico da Corporación Provincial, e demais disposicións legais para o efecto; sen prexuízo da avocación que os órganos delegantes poidan facer das súas competencias.

3.- DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“En virtude das facultades que me confire a lexislación vixente e o Regulamento Orgánico desta Corporación, propono á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Réxime de Sesións da Xunta de Goberno.

A).- A Xunta de Goberno celebrará sesión os venres de cada semana ás once horas. De non celebrarse no día e hora indicados, a sesión terá lugar en segunda convocatoria á mesma hora do martes seguinte, e salvo que coincida con días festivos, ou inhábiles, en cuxo caso celebrárase á mesma hora do primeiro día seguinte hábil. Todo elo sen prexuízo de que a Xunta de Goberno poida cambiar por acordo da mesma o día e a hora da celebración das súas sesión.



B).- Dar conta ó Pleno da Corporación, de conformidade cos arts. 100 e 101 do Regulamento Orgánico da Corporación”.

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente en funcións levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.